



## **CONVENIO DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL ENTRE A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE E HEALTH ECONOMICS S.L. PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE FORMATIVA "MEDICINA PERSONALIZADA E DE PRECISIÓN: PRESENTE E FUTURO"**

### **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

A secretaria xeral técnica da Consellería de Sanidade, DECLARA:

Que a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e Health Economics S.L., formalizaron o 27/05/2025 o instrumento convencional arriba referido que producirá efectos ata o 31 de decembro de 2026, con posibilidade de prórroga.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións de colaboración para a realización dunha actividade formativa denominada "Medicina Personalizada e de Precisión: Presente e Futuro", dirixida a médicos especialistas (atención primaria, anatomía patolóxica, neuroloxía, hematoloxía, oncoloxía, oncohematoloxía, medicina interna, uroloxía, ...) e a profesionais biosanitarios (farmacéuticos, biólogos, bioquímicos, biotecnólogos, químicos, ...), así como a todas aqueles profesionais con formación en ciencias da saúde con interese e implicación na medicina de precisión.

A actividade consta de 11 módulos (incluíndo sesión presencial, 5 módulos comúns, 4 módulos avanzados e sesión de clausura), en formato mixto (actividades presenciais e de teleformación - webinars), de acordo coa descrición xeral do programa pactado, cunha duración aproximada de 30 horas.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

No marco da Estratexia Galega de saúde 2030 e a Estratexia de Oncoloxía de precisión de Galicia, recoñécese o potencial da medicina personalizada para mellorar e optimizar a promoción da saúde, a prevención e o manexo da enfermidade e a importancia dunha correcta implantación da medicina personalizada dada a súa complexidade e a necesidade de coordinación de recursos, así como a avaliación de resultados, para garantir a sostibilidade dos sistemas de saúde. Nese sentido considérase conveniente levar a cabo un programa formativo integral para potenciar a adopción e aplicación da medicina de precisión no Servizo Galego de Saúde.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso ao instrumento convencional asinado, con exclusión doutras figuras.

A secretaria xeral técnica

Natalia Lobato Mosquera

